

gàlicia

REPENSAR GALICIA: AS IRMANDADES DA FALA

En 2016 cumpriuse o centenario da creación das Irmandades da Fala (1916-1931), primeiras organizacións do nacionalismo galego. A súa actividade política, cultural e lingüística implicou un importante punto de inflexión no devir do país en moitos ámbitos e sentou as bases da posterior consolidación de singularidades que chegarán aos nosos días. Neste libro especialistas nos diferentes eidos actualizan e amplían estudos previos e fornecen un marco de análise e interpretación sobre as aportacións das Irmandades á evolución do pensamento, da acción política, da lingua, da literatura, do teatro, da música, das artes e das ciencias na Galicia da época, así como a súa incidencia na dinámica dun período en que as tensións nacionais e a conflictividade sociopolítica foron especialmente agudas no Estado español.



9 788488 150839



 XUNTA
DE GALICIA




Museo do Pobo Galego

REPENSAR GALICIA AS IRMANDADES DA FALA

EDITAN:

Justo Beramendi | Uxío-Breogán Diéguez | Carme Fernández Pérez-Sanjulián
M^a Pilar García Negro | Xosé Manuel González Reboredo



Xunta de Galicia

Museo do Pobo Galego

REPENSAR GALICIA: AS IRMANDADES DA FALA

EDICIÓN E COORDINACIÓN:

Justo Beramendi

Uxío-Breogán Diéguez

Carme Fernández Pérez-Sanjulián

M^a Pilar García Negro

Xosé Manuel González Reboredo

EDITADO POR:

Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Museo do Pobo Galego



R. 308343

DESEÑO & IMPRESIÓN:

Sacauntos Cooperativa Gráfica

www.sacauntos.com

ISBN: 978-84-88508-59-1

Depósito Legal: C 1332-2017

© da obra, 2017, a Xunta de Galicia e Museo do Pobo Galego.

© dos textos, 2017, as autoras e autores dos mesmos.

REFERENCIAS

- A Nosa Terra (1918): número 72, 15 de San Martiño.
- A Nosa Terra (1918): número 73-74, 5 de Nadal.
- Armas García, C. Ma (2002): *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- Beramendi, J. G. (1991): *Obra política de Ramón Villar Ponte*, Sada, Ediciós do Castro.
- García Negro, M. P. (2001): *Arredor de Castela*, Vigo, A Nosa Terra.
- (2010): *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- García Negro / Gómez Sánchez (1996): *Literatura feminina e feminista da segunda metade do século XIX. Antoloxía*, Vigo, AS-PG/A Nosa Terra.
- Macedo, A. G. e Amaral, A. L. (2005): *Dicionário da Crítica Feminista*, Porto, Edições Afrontamento.
- Marco, A. (1993): *As precursoras*, A Coruña, Biblioteca Gallega.
- Marçal, K. (2016): *¿Quién le hacía la cena a Adam Smith?*, Barcelona, Debate.
- Nelken, Margarita (2011 [1930]): *Las escritoras españolas*, Madrid, horas y HORAS, la editorial.
- Otero, E. (1995): "Un ollo de vidro", en García Negro/Costa Casas (1995): *O ensino da lingua. Por un cambio de rumbo*, A Coruña, AS-PG.
- Quintanilla, Xaime (1917): "Do meu feixe", A Nosa Terra, número 16, 20 de Abril.
- Rios Bergantinhos, N. (2001): *A mulher no nacionalismo galego (1900-1936). Ideologia e realidade*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- Sanmartín Rei, A. (1997): *De catro a catro. Manuel Antonio. Antoloxía. Manuel Antonio, Álvaro Cunqueiro*, Vigo, AS-PG/A Nosa Terra.
- Vázquez Souza, E. (2004): *Desta beira do Leteu. Artigos de historia cultural, literatura e sociedade desde o esquecemento*, Santiago de Compostela, Laiovento.
- Villar Ponte, A. (2003): *100 artigos*, A Coruña, Biblioteca Gallega.
- Viqueira, X. V. (1930): *Ensayos y poesías*, A Coruña, edición non venal.

A FRATERNIDADE NAS IRMANDADES DA FALA 1916-1922

María Xosé Agra Romero e Mariam Mariño Costales
Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

No marco dun Simposio que ten entre os seus obxectivos repensar e favorecer a análise e o debate arredor das *Irmandades da Fala* (IF) e as dinámicas políticas dos nacionalismos en Galiza entre 1916 e 1931, máis en particular, na sesión que busca actualizar os estudos sobre *Ideoloxías e Programas*, ímonos centrar, nunha primeira indagación, sobre os termos nos que se emprega ou adquire sentido a denominación 'Irmandade'. Interésanos afondar nas lóxicas segundo as que as IF enchen de contido teórico e estratéxico, o termo 'irmandade' na construción nacional e contrastalas coa idea política de Fraternidade, examinando semellanzas, diferenzas e tradicións nas que se inscribe. A cuestión de fondo é a que vínculo, a que comunidade, a que obxectivos comúns, a que sentimentos compartidos, a que relacións remite a 'irmandade' e, en definitiva, reparar en que metáforas e imaxinarios se insire e como se articula, si o fai, coa liberdade e a igualdade.

Tendo en conta a finalidade que perseguimos, isto é, a centralidade da relación Irmandade/Fraternidade e atendendo á falla de investigacións previas e/ou demoradas en torno a esta cuestión, acoutamos o campo de estudo e centramos a análise na rede de relacións de organizacións, denominadas 'Irmandades da Fala', desde a súa creación a partir de 1916 ata a ruptura que van experimentar na Asemblea celebrada en maio de 1922. Repararemos sobre todo no que entendemos como 'corpus' ideolóxico deste período; nomeadamente: *Nuestra afirmación regional* de Antón Villar Ponte (1916), *Teoría do nacionalismo galego* de Vicente Risco (1920), *Doctrina nazonalista* de Ramón

Villar Ponte (1921), inda que non faltarán referencias a outros escritos na prensa e a outros 'irmandiños', así como a algúns antecedentes, relativos ao período acoutado.

Estamos diante dun dos temas sobre os que cómpre unha investigación ampla e demorada, non dando por bos os sobreentidos e máis os ecos de 'irmandade', e sen perder de vista que a 'irmandade' móvese máis no terreo da acción, que no da teorización.

ALGÚNS APUNTAMENTOS BÁSICOS

Sobre as Irmandades da Fala (1916-1922)

En tanto que, na celebración da súa Primeira Asemblea e de maneira conxunta, deciden empregar o termo nacionalismo como autoreferencial, tal e como recollen no "Manifesto da Asambleia Nazonalista de Lugo" de 1918, asumimos que as IF representan un punto de inflexión para o desenvolvemento dos nacionalismos contemporáneos en Galiza.

Os primeiros tres anos das IF están enmarcados no contexto da Primeira Guerra Mundial. Os movementos de resposta articulados en torno ás críticas e denuncias aos procesos de colonización e expansión imperialista van en parello ao seu desenvolvemento. Cabe situar ás IF nesta liña práctica e de pensamento, analizándoas como caso concreto de construción nacional desde un territorio periférico, na súa asunción da posición subalterna de Galiza no Estado español, e nas súas propostas de transformación desta realidade. Os ideólogos das IF consideran que Galicia reúne as condicións que nos foros internacionais se esixen para a constitución dunha nacionalidade. Trátase de feitos diferenciais, marcas de etnicidade, inscritas en certos esencialismos biolóxicos e culturais, que se afincan no territorio, na terra, pero, sobre todo na lingua, trabe onde radica "toda-la nosa presoalidade" por ser a "gardadora providencial da nosa concencia coletiva". Non é por acaso que xunto con estas pasaxes citadas de "A bandeira ergueita" (1916) de Antón Villar Ponte (AVP), atopemos a afirmación de que "Galicia é unha Patria natural con lingua de seu...".

A existencia das IF supón certas crebas, fisuras, continuidades e transformacións no contexto sociopolítico da época, mesmo nacen con esa intención. Cuestionan as propostas rexionalistas e/ou nacionalistas españolas, as lóxicas de construción da identidade nacional centralista, e promoven propostas e accións alternativas, entre as que salienta a defensa dun federalismo ibérico. Federalismo que responde tamén a un dos rexistros da irmandade/fraternidade. Daremos, neste senso, coa irmandade coas outras nacións, aquelas que,

como Portugal, son 'irmás' separadas artificialmente, de feito *A Nosa Terra* (1919) recolle en termos de Fratria ese "relacionamento fraternal" no que "o nazionalismo galego irá pondo na entranza da raza común os cimentos da gran Fratria que fará dos pobos de alén Miño e dos da veira d'acó unha bi-nazón ou un Estado de réxime dual, polo que chegará o trunfo do Iberismo". Outras reenvían ao celtismo, como no caso de Irlanda; outras como Cataluña ou Euskadi, partillarán irmandade fronte ás que como Castela, custa chamarlle irmás porque ven Galiza como media irmá. Haberá, polo mesmo, que poñer atención á visión dunha humanidade que desde a Revolución Francesa adoita ser concibida segundo a imaxe dunha familia de nacións.

Non menos relevante resulta, aos nosos efectos, a heteroxeneidade que caracteriza a esta rede de organizacións rexionalistas e/ou nacionalistas e que se expresa ben en *A Nosa Terra*, cando se afirma que entre os organismos xurdidos ao abeiro das IF:

[...] ten que haber variedade, mais é unha variedade *armónica* porque unhos adicanse máis a política no campo, á política eleitoral, outros a fins sociais, e outros son focos d'estudios creadores da levadura doutrinal qu' impulsará os espíritos ás loitas prácticas. Unhos mais moderados, outros mais radicaes, (...) pero ista diversidade é homoxénea t-eisi como en política xeneral os gallegistas uns somos republicanos, outros monárquicos, e hainos xaimistas, socialistas moderados e hasta revolucionarios sin que a discordancia sone endexamais entre nos (...) e podemos asegurar que ningún organismo rexionalista ou nazonalista de Galicia enteira ten loitas fraticidas c-os demais, e ningún desertou nin desertará da loita santa contr'o caciquismo (1918)

O cal leva, entre outros, a reflexionar sobre a diversidade e a entendela como unha característica, se ben non exclusiva, si canda menos propia das dinámicas dos procesos identitarios dos nacionalismos en Galiza. O grupo inicial das IF é unha converxencia de rexionalistas de sempre con novos galeguistas republicanos, liberais, neocarlistas, mauristas, filosocialistas e católicos conservadores. De idade media e clase social semellante, con formación cultural e nivel económico medio-alto. A partir da I Asemblea Nazonalista de 1918, formalízase a presenza de mulleres como membros, non obstante, non coñecemos datos que indiquen que algunha fixera parte do/s grupo/s dirixente/s. Con todo, os marcadores de clase económica e intelectual dos e das membros das IF vanse manter nos seis anos comprendidos aquí.

SOBRE A FRATERNIDADE

Abordar a Fraternidade entraña explorar a comunidade, o vínculo social e os seus valores profundos; facelo no caso das IF implica afondar na configuración e no sentido do 'noso' vínculo como 'irmáns' e 'irmás' galegas. Liberdade, Igualdade, Fraternidade responden ao vínculo moderno na procura da realización dos valores da Revolución fronte ao que comporta o Antigo Réxime. Porén, a Fraternidade, a diferenza dos outros dous grandes valores ou principios, implica paradoxos e contradicións, e non ten sido obxecto de moita reflexión no campo da filosofía política ou da teoría democrática. Na maioría das ocasións refire a contextos de crise e mesmo hoxe, cando reaparece, acódesse ao socorrido: "E a Fraternidade", e pouco máis. Agora ben, moitos dos problemas da Fraternidade derivan da propia metáfora fraternal, unha metáfora que vén da linguaxe relixiosa e dos gremios do Antigo Réxime. No ámbito político reenvía á Revolución francesa, ao vínculo moderno, á relación horizontal. Como sinala Vèronique Munoz-Dardé (2001: 657):

Entre las analogías constitutivas del paisaje imaginario de la política, la metáfora fraternal es por supuesto portadora de valores modernos, en cuanto que se sitúa claramente en la nueva dimensión horizontal que ha venido a reencauzar, particularmente por virtud del eje izquierda/derecha, el orden vertical tradicional dominado hasta la Revolución francesa. Pero la fraternidad evoca igualmente los modos jerárquicos de las asociaciones religiosas y pertenecientes lo mismo a los credos armoniosos, más específicamente vinculados a la filosofía política clásica y a la búsqueda de la virtud.

En xeral pódese dicir da Fraternidade que é unha idea controvertida, cun significado non sempre claro, que tende a adoitar o carácter dunha expresión de emoción ou sentimento que non se compadece ben cunha clara comprensión conceptual. Ademais, o núcleo desta idea refire a ideais de acción colectiva, de cooperación, de reciprocidade e mutua axuda, e tamén aos valores ilustrados e do humanismo universal. E, que por máis que poidan estar relacionadas, a fraternidade é diferente da solidariedade (Agra, 1991; 1992).

Ao abordar a Fraternidade nas IF, entón, tentamos poñer o foco sobre o sentido do vínculo desta sorte de comunidade que incorpora a 'irmandade', os seus referentes 'antigos' e 'modernos', como se expresan e toman corpo individual e colectivamente as relacións, as reciprocidades, as rivalidades e os conflitos; cara dentro e fóra da nación.

"NUNHA MAN A FOUCE, NOUTRA A OLIVA": IRMANDADE/FRATERNIDADE

Semella bastante claro que IF remite aos 'irmáns' na lingua o que en principio parece non levantar problema ou perplexidade algunha. Estamos ante unha asociación que se quere caracterizar ante todo por un principio de non definición política, cuns obxectivos iniciais fundamentalmente culturais, que no seu seo quere permitir a convivencia de diferentes concepcións ideolóxicas e, por tanto, que o que implique a irmandade ou a sorte de fraternidade que poda carrexar, por obvia, non é unha cuestión na que haxa que reparar. Fronte a esta visión pouco problemática, os nosos obxectivos xiran, en primeiro lugar, en poñer de relevo o porqué desta denominación e cales son os seus referentes, o tipo de relacións, vínculos, sentimentos, metáforas aos que remite e en que imaxinario/s se insire. En segundo lugar, indagar se o recoñecerse como irmáns implica unha mesma forma de entender a fraternidade, ou se a pluralidade ideolóxica e política impide que haxa unha visión común da mesma. Certamente, veremos, si existe unha visión común respecto a 'irmandade' nas IF e se é ou non asimilable á moderna idea política de Fraternidade. Dito con outras palabras, se a 'irmandade' se presenta como un elemento conformador de ideas e programas, se a súa escasa teorización responde a un énfase na acción.

LIGAS, SOLIDARIEDADE, IRMANDADES

Polo que sabemos a escolla da denominación non foi obxecto dunha reflexión ou de tipo algún de debate. O propio Ramón Villar Ponte, no seu discurso de ingreso na RAG "A Xeración do 16" (1951), di sen darlle maior importancia, que o nome inicial era "Irmandades dos Amigos da Fala", pero que tivo que se reducir e ficou simplemente Irmandade da Fala. Mais porqué non escoller, se o asunto é acurtar, por exemplo, Amigos da Fala?; dito doutro xeito, que aporta ou comporta a 'irmandade?', expresa algo máis ou mellor que a amizade?

Ínsua (2016:110) sinala o que estaría detrás da denominación coa que finalmente se presentan:

"Liga de Amigos do Idioma", "Hirmandades da Fala Gallega", "Os Amigos da Fala", "Hirmandades dos Amigos da Fala", "Hirmandades da Fala"... Sería esta última denominación, consagrada por Porteiro Garea no folleto que recollía o seu discurso na inauguración do grupo santiagués, a que prevalecería finalmente, con corrección ortográfica do h castelanizante inicial incluída.

Tamén non descarta que a elección teña que ver coa emotividade que xera 'irmáns', cando refire as súas resonancias cristiás e/ou irmandiñas e a influencia de Ramón Cabanillas. Nada indica polo de agora que 'irmáns' ou 'irmandade'

poidan ser vistos desde o rexistro da Fraternidade revolucionaria, republicana, universal, como idea política. Os referentes son a fraternidade cristiá e a revolución irmandiña. Mais colle a dúbida de que, malia a heteroxeneidade e a pluralidade que caracterizan os textos dos seus impulsores, puidera selo caso, cando menos nalgún deles, que poidamos atopar esa outra fraternidade e tirar algunhas reflexións sobre como comprender a 'irmandade'.

APENAS UNS ANTECEDENTES

Antes de afondar nesas cuestións, deixar dito que, nos anos anteriores á constitución das IF, os diferentes intentos de organización, van ser denominados *Liga Rexional Galega* ou *Solidaridad Gallega*, non Fraternidade ou Irmandade. Si aparece nalgúns textos, como o recollido na *Revista Gallega* (15-09-1895), de ideario maioritariamente liberal-democrático, onde se chama aos galegos a defenderse, a crear unha Liga Regional Gallega apelando a un "PACTO DE UNIÓN Y FRATERNIDAD DE GALICIA" fronte a unha visión de Galiza na que a irmandade dise en feminino: "Galicia, en una palabra, Galicia, la española, la liberal, la laboriosa Galicia, viene siendo con relación a las demás regiones, sus hermanas o hermanastras, la puerca cenicienta de la fábula: preterida, humillada [...]" (Beramendi, 2007: 311).

Máis interese ten, desde a nosa óptica, o escrito de 1907 de Manuel Murguía, titulado "Fraternidad gallega" no que podemos ler:

El hijo de las montañas baja hoy á las playas del Océano, y tiende los brazos al hermano que vive orillas del mar.... Aquí nos teneis, como hermanos que desean estrecharos contra su pecho.

[...] Porque este movimiento espontáneo, salido del alma, fruto de la leal estimación y fraternidad que debe reinar entre los hijos de una misma madre, cosa es que deriva forzosamente de cuanto el hombre y los pueblos tienen en común entre sí y tienen también como una defensa de sus sentimientos y de sus intereses, al mismo tiempo que como un deber que estos sentimientos y estos deberes engendran [...]

No le digais al campesino[...]Que vea como dos ciudades que vivían separadas (Lugo, Coruña), comprendiendo sus intereses y su deber, se unen y dirigen á un mismo fin. Que comprenda que este movimiento de fraternidad, de unión, de solidaridad, en una palabra, es fruto espontáneo del amor que por nuestra tierra tenemos, y así mismo de la necesidad de que, cuantos han nacido bajo el cielo de Galicia, hayan de ampararla y defenderla pues es como madre afligida y necesitada de que los hijos de sus entrañas, vuelvan hacia ella los ojos para consolarla en su viudez y levanten sus brazos para defenderla en el olvido en que se encuentra.

Neste texto achamos en primeiro termo o propio emprego no título da palabra Fraternidade; en segundo lugar, a fraternidade entendida como unha sorte de irmandade, que refire á unión, á solidariedade, achantándose sobre a espon-

taneidade e os sentimentos que xeneran deberes. Por máis que sosteña que "deriva forzosamente de cuanto el hombre y los pueblos tienen en común", e puidera entenderse como fraternidade universal, co que nos topamos é, ao igual que na proclama da *Revista Gallega*, coa fraternidade circunscrita aos galegos. Mais alí remitíase a un 'pacto de unión' e a un Congreso de todas as cidades galegas, e no texto de Murguía importa particularmente a metáfora: 'fillos dunha mesma nai', que lle permite ademais pasar da irmandade entre dúas cidades á unión, froito do amor á terra dos nados en Galicia, aos irmáns.

A metáfora familiar é, xusto, a metáfora recorrente na que se insire a fraternidade e da que derivan algúns dos seus problemas, en particular como idea política e no político. E no que aquí nos atinxe non se pode pasar por alto. No texto de Murguía a fraternidade reenvía aos nados en Galicia en canto que fillos dunha nai; a irmandade circunscríbese a unión dos galegos dun xeito natural. A metáfora familiar leva a preguntármonos porqué descansa no vínculo coa nai, unha nai viúva, cando a fraternidade, por máis que remita a dito vínculo, inscríbese na fraternidade patriarcal. Haberá pois que perseguir o percorrido desta metáfora e o imaxinario que conleva tamén respecto da 'irmandade' nas IF. Dado que Murguía se sitúa no sector liberal-democrático, haberá que ver se ten continuidade tamén neste sector e como descorre noutras correntes ideolóxicas e políticas.

Seguindo cos anos anteriores á aparición das IF, para ter unha idea máis acaída do que logo nos poderemos atopar, paga a pena facer alusión a Antonio Losada Diéguez. Basta recoller aquí o que nos di Beramendi na edición da *Obra Completa* de Losada (1985) a propósito do progreso e da xustiza social, da revolución e o socialcatolicismo. Tras afirmar que na análise da cuestión obreira non hai nada de socialismo en Losada. Indica que este se explica:

desde un catolicismo lixeiramente renovado pola Rerum Novarum de León XIII que da lugar a un vago evanxelismo social capaz de reivindicar pra o cristianismo o lema "Igualdade-Fraternidade-Libertade", e tamén desde a súa alleidade a intereses especificamente capitalistas (p. 107).

Teríamos aquí una liña que non só conecta coa variante da fraternidade na vía cristiá (entre outros, os ecos franciscanistas), coa irmandade de ricos e pobres e a caridade cristiá, senón que ademais nos leva ao rexistro xustiza/fraternidade. Débese notar que isto é importante por canto para certos teóricos a fraternidade, descansando na reciprocidade e mutua axuda, refire ao reparto dos bens, á súa distribución, chegando incluso a propoñer na tríade a substitución de Fraternidade por Xustiza. En todo caso, desta cata sobre os antecedentes das IF, compre reter que a Fraternidade Galega, reenvía á irmandade dos

galegos, descansando na irmandade cara a dentro e na 'boa' ou 'mala' irmandade cara a fóra. Con outras palabras, o sentido fraternal virá logo recorrentemente inserido nas relacións coas boas 'rexións', 'nacións', irmás, por descontado a 'irmá Irlanda' e os 'irmáns irlandeses' e o mesmo con Portugal. Polo tanto o importante non é a fraternidade universal ou a revolucionaria, senón aqueloutra (celtista, pangaleguista) das nacións no mundo. Igualmente podemos ver como aparece a cuestión da xustiza social, outra das vías que se empregan para falar da fraternidade. En breve, unha liña, entón, semella que escorre polas vías dunha fraternidade entendida como a de todos os irmáns nunha 'rexión' ou 'nación', seguindo o ideal da fraternidade que devén da revolución e que haberá que ver se mantén o corte ilustrado que contén a fraternidade universal; e, outra liña, acredita na visión cristiá, católica, da irmandade/fraternidade que se compadece ben coas vellas irmandades de gremios, guildas, corporacións. Estaríamos, ante dúas liñas que se van perpetuar. Unha respondería á valoración negativa da modernidade e das conquistas da Revolución no senso amplo do século XIX. A outra, pola contra, levaría a cuestión por diferentes derroteiros que tamén compre examinar nos textos dos seus representantes máis salientables. Máis antes diso é preciso volver sobre o asunto das 'resonancias irmandiñas'.

"A NOITE DA FROUSEIRA", O "DEUS FRATESQUE GALLAECIAE"
E A REVOLUCIÓN GALEGA

Ben é certo que Murguía non acredita moito na conversión de Pardo de Cela en libertador de Galiza. Non así acontece con AVP, quen no artigo de 1916 "Non esquezamos a nosa historia cando morreron as liberdades gallegas", a máis de indicar que moitas veces teñen ido á Frouseira, "en pelegrinación fervente", no 433 aniversario da morte do mariscal, vai reivindicalo como mando das "Hirmandades que tiñan por lema 'Deus, Fratesque Gallaecie'". Convértendoo no "xefe da Revolución gallega do sigro XV", para que xermole, di, "na conciencia da nazionalidade gallega a memoria do noso héroe-mártir". Sostén ademais que non se trata de defender polas armas os 'nosos dereitos' senón de poñer a "enteireza" de Pardo de Cela na defensa e cultivo da lingua. Porque para AVP: "A lingua é máis forte que as armas; na lingua lateza a autonomía esperitual dos pobos, [...]. En gallego falou Pardo de Cela, en gallego temos que falar nós". Dous anos máis tarde, en "Esencias do idearium galeguista", establece que a primeira afirmación galega son "As 'Irmandades' quinientistas [que] regaron co seu sangue os campos da nosa terra, atopando na Frouseira a súa morte"; [e

que, na] "segunda e definitiva" que agora nace, "As 'Irmandades' novecentistas enchen de ideaies os cerebros da xuventude; ateigan de amore os forazós novos". Tampouco falta a referencia a Cabanillas: "oh, Cabanillas!--; aquela estreliña que axina se trocará en fogueira, é coma agoiro da boa nova que fará irmáns libres nun pobo libre a todos os galegos".

Retendo que, nomea a Cabanillas como "Poeta da Raza", de momento importa destacar que a irmandade remite a un momento histórico crucial, que entra nun proceso de reconstrución da tradición perdida, anterior á Revolución francesa, trazando unha liña de continuidade entre aqueles 'irmandiños' do "Deus fratesque Gallaeciae" e os novos 'irmandiños'.

En Risco apenas hai referencias aos "irmandiños". Atópamos unha referencia no artigo "Teoría do nazionalismo galego" de 1918 onde di: "Sen afondar na nosa Hestoria, sen se lembrar dos Irmandinos ou doutras rebeldías, pouco notadas", para indicar que para el, o obxecto de atención é o moderno, subliñar a novidade, a fonda diferenza co século XIX.

Tampouco en Ramón Villar Ponte se menciona aos irmandiños. Xohan Vicente Viqueira, en cambio, si o fai. En "Autonomía" di:

Galegos, sede dinos de vosos abós os irmandinos que ha cinco séculos erguéronse en Galicia arelando regerse por sí mesmos e non teren donos. Galegos, sede dinos de vivir antre as novas democracias do mundo. Arda nos vosos peitos lume santo d'amor d'as cousas nobres e salla só dos vosos beizos o berro dos povos grandes: ¡Libertade ou morte!.

Compre subliñar que se está a producir un tránsito respecto da irmandade que vai do literario, ao cultural e ao político, que se articula sobre a idea fundamental de que a 'irmandade' non é algo *ex novo*, senón que hai que recompoñer entroncado coa nosa historia. Na fraternidade, entendida como a dos 'irmáns' galegos, as armas son substituídas pola lingua, a loita sanguenta pola loita dos ideais. A 'irmandade-fraternidade' dóbrase en fraternidade de combate, irmáns na causa, lazos, vínculos que unen a quen combaten xuntos e que mesmo esixe xuramento. Reforzamento do vínculo, unión e amor; comunidade de orixe, comunidade ideal, fraternidade fronte o conflito. Este é, entón, un dos rexistros fundamentais da fraternidade co que imos dar nos textos do período que aquí nos abrangue, máis non o único. Será o idioma común, o que permitirá tamén a fraternidade cara fóra, entre pobos 'irmáns', nomeadamente, Portugal.

“A MEIGA VERBA DA IRMANDADE”

NACIONALISMO GALLEGO. NUESTRA AFIRMACIÓN REGIONAL.

ANTÓN VILLAR PONTE (1916)

Neste texto inaugural das IF, máis que unha chamada á irmandade ou fraternidade, o que achamos é unha chamada a todos os “buenos gallegos, sin distinción de matices, con voces apremiantes, para una santa cruzada...”, fronte a liortas ideolóxicas estériles e que dividen, una chamada a encetar “una obra común” de “amor”

[...] grande y transcendente, en la cual pueden y deben colaborar lo mismo los hombres de la izquierda, que los de la derecha y del centro: pero especialmente los federales y los tradicionalistas.

Amor e amizade son as palabras que maiormente aparecen para expresar o vínculo de unión dos membros. Dada a énfase na lingua materna, na que asenta a afirmación galega fronte ao suicidio, e que se trata dunha liga apolítica, non resulta estraño que a clave á que se apele sexa a da tradición literaria dos “vatescumbres de nuestro renacimiento literario” e á súa recuperación nun novo renacemento que acredita na “historia gloriosa” do galego, sobre a base de que “Tenemos una patria natural con su propio instrumento de expresión”, onde o “concepto-eje” é o do “nacionalismo natural”. Un renacemento, tralo eclipse total, dende a época do *Cancioneiro da Vaticana* e da de Macías, ata os Precursores do XIX. Non hai referencia algunha aos irmandiños, e cando aparecen, irmandade e fraternidade refiren a países irmáns; na lingua como Portugal, ou Cataluña como exemplo a seguir. Un apuntamento indica que non se vai contra o cosmopolitismo; o problema é o unitarismo artificial, irracional fronte a “patria natural”, e á posibilidade dunha federación ibérica. E máis, os partidarios do nacionalismo natural “—contra lo que creen los centralistas absurdos, — somos los verdaderos patriotas, porque amamos lo propio, fuente de toda tolerancia, de la solidaridad y de la comprensión de los legítimos amores ajenos”. Tolerancia, solidariedade, non obstante, non atoparemos aquí teorización algunha. Neste caso, con falla de afondamento escusada polo propio autor, porque era urxente intervir, voluntarismo optimista dun texto, no que por varias veces dise “querer es poder”. Texto no que o idioma nativo é como a patria, algo natural, a base para a afirmación nacional individual e colectiva: “Hablar el idioma nativo representa *sentirse uno á si propio y sentir la naturaleza madre.*” Como vemos, a metáfora da familia aparece aquí, en referencia á nai natureza, en liña coa patria natural. Refacer a “destrozada tradición” é conquistar a “plena

autonomía espiritual, base de todos os progresos económicos”. Eis os obxectivos urxentes, patrióticos, nacionalistas. Desde esta óptica non resulta estraño que a continuación indique: “Para nosotros lo principal estriba en la preparación del advenimiento del gran poeta representativo de la patria nativa”.

Na segunda edición do libro que nos ocupa, en “Despois da primeira xornada”, AVP argumenta cal é “a nosa causa” que demanda esforzos “de cantos sexan bos gallegos”, e afirma que na loita entre esquerdas e dereitas galegas, trunfe quen trunfe

é Galicia a que fala e obra; é a conciencia da patria natural a que se impon redenta de presiós e xugos alleos (...). Mais entramentas, fagamos por unha soila familia, xa que non hai outra táctica millor no terreo da lóxica nacionalista.

Vemos de novo a metáfora da familia e aparece a palabra fraternidade, “íntima fraternidade”, en referencia ás excursións ao campo que farán os asociados. Referencia tamén nesta edición a oración dos Amigos da Fala de Lugo, “Oración acorde coa santa causa e que reitera a idea dos irmáns na fala e de Galicia como nai”. E, en “Un consello”, apuntando unha pequena reprimenda a Porteiro Garea por empregar no discurso fundacional da Irmandade santiaguesa o termo *patria chica* para se referir a Galicia, di: “Coidade como un aldraxe axeitarlle o nome de patria un adxetivo que soilo serve para empequenecela”. Propón como termo alternativo o de “matria”. Galiza, porén, non é unha matria senón unha patria, aínda que, como en Murguía, a cuestión está en que esta Patria é unha nai.

TEORÍA DO NACIONALISMO GALEGO. VICENTE RISCO (1920)

Pouco imos atopar neste texto de Vicente Risco sobre a fraternidade/irmandade. Nel empregase ‘irmaus’ ao fío da especificidade e importancia do nacionalismo galego, unha ideoloxía que non pode ser traída de fóra

senón feita por nós mesmos, sacada das arelas internas da alma do pobo galego. O noso nacionalismo, pra ser algo, ten que ser un galeguismo, e non un euskarismo ou un catalanismo traducidos á nosa fala. Deses nosos irmaus da imesa Hespaña, queremos-lo exemplo da rebeldía e o acordo prá aución común, si é que cómpre, mais non as direitricas mentaes da nosa intención nacionalista.

Para Risco, é sabido, a terra é un elemento decisivo da nacionalidade. Para el “unha nacionalidade é un pobo afincado nunha terra, é un grupo de homes xunguidos antre eles” mediante vínculos que, no seu caso, non remiten á fraternidade ou irmandade, senón á interdependencia e solidariedade, á comunidade de orixe e aos vínculos naturais. Terra que o leva a definir “o sentimento galego”: “Mais pra min, o sentimento radical da nosa afeutividade étnica, é a

adoración á Terra. --«¡Terra a nosa!» é o noso berro—que se manifesta decote en toda a nosa expresión artística”.

Ao longo de *Teoría nacionalista*, tamén nada di respecto da fraternidade. Lóxico, pois mal se compadece cunha visión tal da comunidade de orixe e coa defensa dunha elite nacionalista, unha “minoría inteleutual chea do espírito do seu tempo e levando nas maus a chave do mañán, teñamos esa vontade pra creala en todos os demais”. Ao pobo só lle pide ‘comprender pra querer’. Risco tira contra a igualdade xurídica, pois a boa lei é a que ten que se adecuar á realidade natural. Non hai igualdade por natureza ou por historia, nin entre os homes, nin entre os pobos. Polo mesmo argumento nega “a igualdade social e canto nela poida deducirse, como a fraternidade universal, e sostén sempre a bondade da xerarquización” (Beramendi, 2007:489). As IF son citadas como o movemento que recolle as ‘esencias’ de todos os movementos anteriores que se tiñan dado en Galiza, dando corpo á “doutrina integral do nacionalismo”.

DOCTRINA NAZONALISTA. RAMÓN VILLAR PONTE (1921)

Son significativas as palabras do autor sobre a quen se sinte na obriga de dedicar o traballo: “A concenza de unha sentida comunidade de raza [...] ás nazonalidades céltigas: O Highlands, a illa de Man, a Irlanda, o Gales, o Cornwall, a Bretaña e mailo Portugal”. Á diferenza dos dous escritos anteriores, neste achámonos coa idea de fraternidade vinculada ante todo á confraternización cos pobos irmáns, con quen partillan a comunidade de raza. O «pobo» vese “non como espresión de unha xuntanza máis ou menos grande de familias” senón “como espresión de un conxunto máis ou menos numeroso de xentes que [...] acháanse, emporiso, fortemente ligadas polos rexos vencellos de raza, os costumes, a lingua, os caracteres mesolóxicos, o dereito, etc. Noutros termos, a verba «pobo» vén sendo empregada no senso repersentativo de «nazonalidade»”. Esta, di, é unha sociedade de xentes que viven e naceron nun territorio, unificadas pola lingua, cunha alma colectiva e unha unidade cultural propia, un “anaco territorial” no que existe unha “unidade casi perfecta”. Nación, nazonalidade, patria son o mesmo, recorrendo, agora si, á analoxía familiar, da patria “non poden esistiren varias crases, posto que, ao igual que sucede no orden dos individuos coa nai ou co pai, e única”. A patria responde á unidade propia dun territorio con características esenciais, de “estabilidade inalterábel, de superación de vountade humana”, única e indivisible. O pobo defínese polas súas fronteiras naturais e a súa idiosincrasia derivada de forzas superiores máis alá da

vontade humana, pola pureza da raza; esta unidade leva á soberanía sendo, compatible co que “naturalmente esixe a confraternidade universal”.

Ao abeiro das reflexións sobre pacifismo e internacionalismo, damos coa primeira referencia á fraternidade como relación respecto dos outros pobos, dos pobos veciños; ben acaída fronte ao imperialismo e no camiño dun pacifismo que só quere ver “pobos ceibes dentro das súas fronteiras naturaes, vivindo a súa vida natural en relacións da máis ampla fraternidade cos veciños”, preservándose a diversidade sen perigo dunha “uniformización universal”. A pacificación non virá da man dun único Estado mundial na Terra; en tanto as diferenzas son “fillas da terra” non van desaparecer; en consecuencia, non teñen que desaparecer as fronteiras para rematar cos conflitos e as guerras. Expresándose na linguaxe da cidadanía e apelando aos feitos fai compatible o nacionalismo co ideal de “pacificación e fraternidade universaes”. Fraternidade universal, que non exclúe a “fraternal convivencia” -pegando cunha segunda acepción- fronte ás divisións, a existencia de distintos ideais. Esta fraternal convivencia descansa no sentimento común da patria, a quen une un programa para a liberación da terra; e, máis unha vez, emerxe á metáfora familiar:

Por isto ocorre moitas veces a atopare dentro da masa ou xuntanza nazonalista de un país asoballado, en fraternal convivencia, elementos que sinifican as tendencias máis opostas dentro do orden relixioso, económico, social, etc. O agarimo e o intrés e entusiasmo que a terra nai forzosamente ten que despertare nos seus fillos, se non opón en nada a que o pensamento de estes siga as máis variadas direccións. E como iste agarimo e iste intrés e entusiasmo, desenvolvéndose e peitando por adquiriren enerxías cada vez maiores que convirtan a Patria nun orgulo lexítimo e verdadeiro dos seus fillos.

A metáfora familiar/maternal ven a carón da articulación natural-colectiva. Insírese na unión fraternal na causa común, como acontece ante unha guerra, pasando a segundo plano os distintos ideais, e reforzando a idea do patriotismo nacionalista como “o xermolare da concenza de unha íntima, estreita e total comunidade antre nós e a terra nai”. O verdadeiro vínculo, é o vínculo natural coa terra, coa terra-nai. Antes que nada fillos, logo irmáns na causa; e de aí á relación fraternal cos outros pobos. Saíndo ao paso de posibles críticas, os pobos ceibes son a base “da fraternidade máis estreita, xa que o nazonalismo vai directamente á consecución da maior igualdade posíbel antre todas as nazóns” que contrapón á política imperialista de hostilidade, guerra e dominación, e onde a fraternidade supón pacificación cara ao exterior e cara ao interior. Ao seu entender, desprégase á par do elemento máis esencial que caracteriza ó xur-

dimento do sentimento nacionalista nun pobo, a cultura: “inconfundíbel e reveladora dunha espiritualidade orixinal, soberán e libre”.

A lingua como imperativo natural é fulcral para un pobo soberano que ten que imporse a si mesmo o seu emprego para as relacións entre irmáns de nacionalidade, segundo o “mandato das leis naturaes que se achán por riba dos homes” e “froito inmediato da terra de que é espresión”, ten que ser cultivado na procura dunha cultura independente e autóctona. Maniféstase así para Ramón Villar Ponte o progresismo do nacionalismo. O idioma convértese no máis importante vínculo dos que se dan entre cidadáns, o que comporta un maior valor diferencial e ‘axuntador’. Agora, como no caso do rexeitamento dun Estado mundial único, trátase de desmontar a argumentación a prol dunha linguaxe universal, non dunha lingua internacional, baseándose na natural diferenciación da terra que é a que impón as demais diferenciacións e “que ninguén pode anulare por responderen a leis cuio determinismo é super-humán”. Tampouco vai contra da cultura universal, sostendo que nin as fronteiras políticas, nin as naturais, arredan aos pobos dunhas boas relacións baseadas nos “sentimentos de solidariedade e de fraternidade, e con eles todo o que pertence ao patrimonio común da humanidade”. Fronte ao natural, a unidade imposta polo Estado concíbese como un mal artificio, unha ficción; o artificial imposto fronte a diversidade natural, vai contra as leis “que rixen á natureza”. As relacións fraternais ligan a uns pobos con outros, a liberdade e o autodomínio dos pobos supón unha contribución “á obra común do progreso universal”; os sentimentos fraternais a todos deben “xuntaren” na patria, son o eixo das boas relacións, da boa harmonía.

Na súa defensa das virtualidades das nacionalidades pequenas “que meten polos ollos o sentimento patriótico”, volve á analoxía da familia. Propician a perfecta unidade pois “como a xuntanza das xentes que se incruen na denominación común de compatriotas vén a sere unha alonganza da propia familia, e así como a terra é unha alonganza do propio fogar, do chan por onde rolou pirmeiramente o noso berce”, o patriotismo xurde dun xeito “espontáneo e natural” entre os cidadáns; logo serán a educación e o cultivo do espírito os que fornecerán o patriotismo “razonado e conscente”. Nos Estados de pequenas dimensións: “Vívese, en suma, unha vida que se acha moi perto da vida familiar da que, como xa dixemos denantes, a vida da nazonalidade é verdadeira alonganza”. Teríamos, pois, un tránsito da fraternidade/irmandade natural, prepolítica á propiamente política, do natural e espontáneo ao ‘razonado e conscente’. Neste contexto aparece ademais a solidariedade, a “estreita solidariedade

fraternal entre os individuos”, que segundo el reporta grandes vantaxes para a patria, en concreto, para achairar obstáculos cara ao benestar mediante a mutua protección dos “seus súbditos”. A fraternidade remite asemade ao mutuo apoio, ao benestar, á diríamos, xustiza social. Solidariedade fraternal como “bloque durísimo e resistente” ante fortes embates e catástrofes.

Compre acatar o ‘imperativo natural, de onde emana o ser fillos dunha patria natural e única. Ao igual que AVP, está en contra de falar, dunha patria grande e unha patria chica, non fai referencia á matria, si á nai, á nai patria:

Eisí como a nai soio pode sere aquela que nos leva no seu ventre e que cando vimos a luz vai encamiñando os nosos primeiros movementos, termando do noso desenrolo e actuando de guía e de conformadora das primeiras modalidades da nosa vida, até o punto de sere ela, na maioría das vegadas, o orixen de costumes e hábitos que permanescen aínda dimpois de poderese valere o individuo a sí mesmo; do mesmo xeito a patria é a nazonalidade, o anaco territorial en que os nosos primeiros movementos tiveron o seu escenario, e onde o todo harmónico e orixinal constituído pola asociación das diferentes unidades –racial, lingüística, climatolóxica, etc.- actuou xa dende que ollamos a luz primeira, ou cicais denantes [...]

As virtualidades das nacionalidades, dos Estados pequenos non levan a “esnaquizar” os grandes. Reconstituír as diferentes nacionalidades naturais dentro do Estado español será o camiño da gran Iberia “nunha perfecta convivencia de irmáns” e da Confederación de Estados ceibes. O apelo á gloriosa irmá Lusitania, a Portugal, é obrigado. *Doctrina nazonalista*, remata invocando a Ramón Cabanillas, o “vate grrorioso «dos tempos xa chegados», e os días luminosos das grandes xornadas trunfaes que profetizou”.

Detémonos aquí. A súa obra é máis extensa e vai máis alá do período por nós acoutado, a pescuda sobre a irmandade/fraternidade debe seguir nos escritos dos tres autores citados. O mesmo cumpre facer respecto dos escritos doutros destacados persoeiros das IF. Nesta ocasión, só engadimos unha ‘coda’.

CODA: FRATERNIDADE/XUSTIZA E OUTROS APUNTES

Dos tres textos examinados, só en *Doctrina nazonalista* achamos fraternidade ligada á solidariedade próxima da xustiza social. Apuntouse que Antonio Losada Diéguez iría, ata certo punto, por estes derroteiros, na senda tradicionalista e cristiá. Así, no “Proxecto de manifesto nacionalista” (1919-1921), arremete contra un progreso científico e técnico que vai á contra da Natureza individual e colectiva, criticando a modernidade da vida das cidades por ter como obxectivo o desenvolvemento económico, afastándose das ideas de Xustiza, Verdade, Beleza e Liberdade que fan parte da verdadeira espiritualidade

que ha servir de guía. Desde esta óptica, as loitas sociais son froito do poñer como ideal humano a riqueza da que di non é signo de superioridade, está no espírito. Losada apunta tres afirmacións que han de completar o pensamento dos nacionalistas galegos:

a) Decramos como postulado a Hirmandade d'os homes e nascida d'ela como limitación fundamental d'a propiedade privada, qu'a sere sempre posposta ós dereitos y-o ben públicos; b) O traballo d'os homes non pode sere considerado com'un sinxelo feito material de merca e venda, ten unha valoración social que trascende ó feito material de merca e venda, ten unha valoración nascida d'as relacións qu'o traballo teña c'os fins humans da Xustiza, Verdade e Beleza: por eso o traballo ten unha valoración social que trascende ó feito d'un contrato; c) A conduta dos homes y-a calidade e cantidade de traballo que rendan n'as súas funcións deberán seren o sinal d'os seus dereitos diante a Sociedade.

Segundo Losada, os nacionalistas avogan porque cada pobo se desenvolva libremente, arremetendo contra as fronteiras económicas entre Estados en tanto “son unha mostra mais d'a oposición orgaizada á vida natural da solidariedade human”. A Irmandade dos homes limita a propiedade privada, individuos e pobos teñen que procurar a Harmonía, á natural solidariedade humana. Irmandade remite a solidariedade e a uns valores ou principios que, entre outras, van máis alá do contrato de traballo. E, diremos nós, máis alá da fraternidade contractual. Nos seus escritos abonda a metáfora familiar, os irmáns fillos da mesma terra, requirindo, como afirma nun texto de 1917, que: “Todo lazo debe romperse en la actuación cidadana ante el deber de trabajar por la patria amorosa y maltratada, y de libertar a sus hijos oprimidos”. Noutro, de 1919, expresa claramente unha das características importantes, e que deixamos para unha outra ocasión, como é a rivalidade entre irmáns e a traizón: “E Galicia non pode dar'o perdón, os galegos non podemos recoller, senon con desprecio, ós homes que debendo ser bós irmáns nosos firen co'a traición e co'a mentira á sua nai, a nosa terra santa e sufrida Galicia”. Fraternidade/Irmandade, entre a solidariedade e o fratricidio.

Coa Fraternidade Universal imos bater en Xohán Vicente Viqueira. En “A nosa lingua” (1918), afirma:

Fonte de fraternidade universal, únenos cos pobos de raza afín, co'os que se espallaron pol-os mares en linda coroa. Fonte de fraternidade, a nosa lingua será base para unha grande Iberia. Fonte de fraternidade, fará que as ideas e sentimentos humans fluyan e batan nos nosos espritos dende a remota e legendaria India á Africa exuberante e areosa e as selvas e planicies de América. Noso espírito, como un deus antigo, terá duas caras e ollará dous mundos.

Nunha outra liña diferente da de Losada respecto da fraternidade/xustiza, en “Nacionalismo e socialismo”, dirá Viqueira en 1920, non son contrapostos, definindo así o nacionalismo: “é irmandade na patria, é sentimento de comunidade ideal, é vontade de vida unánime traballando nun momento da humanidade”. O socialismo é un aspecto do nacionalismo que remite cara a realización do estado xusto. Viqueira mantén que, para os nacionalistas, a idea da comunidade de patria non pode significar que haxa cidadáns de dúas clases: “os probes e esfameados e os ricos e privilegiados”, que para uns sexan todos os bens da vida e para outros nada. A irmandade que supón o nacionalismo implica que “non ve máis que irmáns na patria e el quere que todo o ben común pártase entre irmáns: “¡O nacionalismo é o santo calor, pai do socialismo!”. Deixámolo aquí, non sen antes salientar o que di en 1920 en “Alma”: “Os grandes serán os que saiban juntar os corazóns nun acugulado amore da patria, os que atopen a meiga verba da irmandade”.

Verba meiga, en efecto, esta da irmandade. Verba que enche de amor os corazóns, sentimento que xunta, que fai berrar ¡TERRA A NOSA!, ¡Viva Galiza libre!; Berros de irmandade, de amor que mesmo teñen “a virtude d-unha oración e a grandeza d-un xuramento”, dirá Peña Novo en “No día de Galicia: a Terra Nai” do 1924. “Polo que máis quero xuro ser d'os bos e xenerosos”.

Filiacións e afiliacións. Verba meiga, familiar. E as irmás? Isto tamén ten a súa propia lóxica da fraternidade/ irmandade que debe ficar para outra ocasión, e provoca que finalicemos esta *Coda* cun fragmento do *Manifesto Máis Alá*, de Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro: “É vergoñoso falar da escravitude da Terra, mentres non se teña feito todo o que cómpre por anulala. O pranto e a elexía, fixeron coidar ós alleos que somos un pobo de mulleres”. Convida a pensar nos aspectos dos que renegan nas súas propostas de construción nacional como grupo, así como sobre dos usos de modelos patriarcais e androcéntricos que tamén cabería por en relación coas “masculinidades rivais” (Miguélez-Carbaleira, 2014)

PARA CONCLUÍR

Ratificámonos en que é preciso seguir a investigar para dar razón da irmandade/fraternidade, das súas lóxicas, das retóricas e da teorización nas IF. Da irmandade/fraternidade política e pre-política, das filiacións e afiliacións que implica. Dos problemas, paradoxos e contradicións que xorden ao estar inseridas na metáfora familiar. Irmandade/fraternidade. Supoñen algo máis que ideas que se comparten? Cales son os vínculos políticos da comunidade? Moitas son as preguntas que agroman. Irmandade verba meiga, trátase de non cancelar a reflexión, de non deixarse levar polo obvio neste centenario das Irmandades da Fala.

REFERENCIAS

- Agra Romero, M^a Xosé (1994) "Fraternidad. (un concepto político a debate)", *Revista Internacional de Filosofía Política*, n. 3, p. 143-166.
- Agra Romero, M^a Xosé (1999): "Reflexiones sobre la fraternidad", *Anthropos. Boletín de información y documentación*, n. 28, p. 108-116.
- Beramendi, Justo (1985): *Antonio Losada Diéguez: Obra completa*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- . (2007): *De provincia a nación*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Beramendi, Justo e Roca Cedán, Manuel, eds. (1994): *Lois Peña Novo. Obra completa*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da USC, 2 vol.
- Fernández Prieto, Lorenzo e Barreiro, Manuel M. (1996): *Prosa política das Irmandades da Fala*, Vigo, ASPG/A Nosa Terra.
- Ínsua López, Emilio Xosé (2016): *A nosa terra é nosa!. A xeira das Irmandades da Fala (1916-1931)*, A Coruña, Baia Edicións.
- Miguélez-Carballeira, Helena (2014): *Galiza un pobo sentimental?. Género política e cultura no imaginario nacional galego*, Santiago de Compostela, Através Editora.
- Munoz-Dardé, Veronique (2001): "Fraternidad", Canto-Sperber, Monique (dir.): *Diccionario de ética y de filosofía moral*, México, Fondo de Cultura Económica, v.1, p. 655-659.
- Risco, Vicente (1920): *Teoría do nacionalismo galego*, Ourense, Imprenta de La Región.
- Villar Ponte, Antón (1916): *Nacionalismo gallego. Nuestra 'afirmación' regional. Apuntes para un Libro*, A Coruña, Tipografía Obrera.
- Villar Ponte, Antón (1916a): *Nacionalismo gallego. Nuestra afirmación regional. Apuntes para un Libro*. (Segunda edición), A Coruña, Imprenta de La Voz de Galicia.
- Villar Ponte, Ramón (1921): *Doutrina nazionalista*, Sada, Edicións do Castro, 1991, p. 51-103.

AS IRMANDADES DA FALA E O AGRARISMO

Francisco Rodríguez

SIGNIFICADO DO AGRARISMO

É a nosa intención facer unha análise das causas que impediron unha osmose entre Irmandades da Fala e agrarismo que acabase por callar na concreción dun grande movemento ou partido nacionalista, de base labrega, na Galiza.

Comezaremos botando man dun artigo moi clarificador, "El problema gallego" (*El Liberal*, 28-X, 1-XI e 4-XI-1912), asinado por un dos membros da Liga Acción Gallega, Eugenio López Aydillo, no xornal que dirixe Alfredo Vicenti. Trátase dun texto extenso que abrangue tres entregas. A primeira leva por subtítulo "Caracteres y significación". Nela o seu confesional rexionalismo desvincúlase do que practicaron os que lograron o renacemento literario de Galiza no século XIX. Non son para nada os seus herdeiros:

No son los hombres propulsores de este formidable movimiento, que hoy hacen llegar los ecos de su apostolado a todos los ámbitos de la región, los herederos de aquellos otros que no ha mucho originaron con el calor de sus idealidades, de sus ensueños, de sus quimeras, un magno resurgimiento literario, que después de apagado y extinto por ausencia del calor que lo originara, nos ha legado como un tesoro, como preciada herencia en la que puede concentrarse todo el orgullo de la raza, varios nombres, a los que la Gloria abrió, con la admiración de todos, las puertas de la inmortalidad. (*El Liberal*, 28-X-1912).

Evidencia así como, na transición finisecular, houbo un proceso de españolización tan intensivo na sociedade galega como para a mocidade culta optar, de forma masiva, por desvincularse dunha tradición literaria que se consideraba apagada e enterrada, aquela que restauraron os nosos clásicos, convertidos en inmortais, pero obsoletos, segundo Aydillo. No fondo late unha descualifica-